


















**NORMATIVA SOBRE BANDEIRAS-SEÑALIZACIÓNS
MODALIDADES DE AUTOCROSS E KARTING
SEÑALIZACIÓN E VIXIANCIA DA PISTA
(Extracto do anexo H do CDI)**

A) Bandeiras utilizadas exclusivamente polo director de carreira ou seus adxuntos en liña de saída ou outros lugares distintos, en casos especiais, por outros oficiais (*)

BANDEIRA	MÉTODOS AUXILIARES DE AVISO	SIGNIFICADOS / USO
1  Galega	Semáforo de saída 	SAIDA DE CARREIRA - Baixándoa despois de estar levantada por enriba da cabeza (non máis de 10 seg.)
2 		CHEGADA DE CARREIRA - Sempre axitada
3  fondo roxo		DETENCION DE CARREIRA - (Entrar en boxes ou, incluso, deterse na pista). - Sempre inmóvil.
4 (*)  blanca e negra	Pizarra con número branco 	AVISO CONDUCTA ANTIDeportiva (Primeiro e único o participante do número indicado). - Sempre inmóvil.
5 (*) 	Pizarra con número branco 	PARADA EN BOX OBRIGATORIA (O número indicado) - Sempre inmóvil.
6 (*) 	Pizarra con número branco 	VEHÍCULO CON PROBLEMAS (Mecánicos con perigo para o sinalado ou outros: ir o box ou, incluso, deterse na pista) - Sempre inmóvil (o extintor man en alto, enfrentado ó participante sinalado).



B) Bandeiras utilizadas nos postos de vixilancia.

BANDEIRA	MEDIOS AUXILIARES DE AVISO	SIGNIFICADO / USO
7 	Aviso coa man do lado da pista non obtruído ou perigoso.	PERIGO EN XERAL (Prohibido adiantar) - Inmóvil: Preaviso - Axitado: Proximidades Inmediata.
 fondo amarelo		OBSTRUCCIÓN MOI GRAVE OU TOTAL DA PISTA (Prohibido adiantar) - Inmóvil: Preaviso - Axitado: Proximidades Inmediata.
8  fondo amarelo e bandas roxas	Man levantada hacia o ceo, para o paso de pavimento seco a mollado por un aguaceiro local.	DETERIORIO DA ADHERENCIA (Aceite, gravilla, auga imprevista, etc.) - Inmóvil: Preaviso - Axitado: Proximidades Inmediata.
9  fondo verde		FINDE AVISO (Feito mediante as tres bandeiras anteriores: Fin de zona de perigo ou desaparición do mesmo) - Sempre inmóvil.
10  fondo azul		SINAL DE ADIANTAMENTO (Un vehículo máis rápido o está alcanzando) - Inmóvil: Aínda non hai alcance pero será moi pronto - Axitada: Adiantamento inmediato ou quen se acerca falno a grande velocidade.
11  fondo branco		PRESENCIA DE VEHICULO LENTO (Vaise a alcanzar un participant a baixa velocidade ou a un vehículo de servizo - coche "S") - Ambulancia, etc - Inmóvil: Preaviso. - Axitada: Proximidade.
12  fondo negro		DETENCIÓN DA CARREIRA (Despois de presentada a ROXA polo director de carreira: Regreso a box ou, incluso, detención en pista) - Sempre inmóvil.



1.- BANDEIRAS.

- As dimensións mínimas das bandeiras de sinalización serán de 60 x 80 cms.
- As bandeiras utilizaranse tanto durante os adestramentos como durante a proba e manterán o mesmo significado.

1.1.- Bandeiras utilizadas exclusivamente polo Director de Carreira ou polo seu adxunto:

BANDEIRA DE SAÍDA.-

Xeralmente será a bandeira nacional; se non fora así, a cor da bandeira, que non se deberá prestar a confusión con outra bandeira existente, deberá estar especificado no Regulamento Particular.

A sinal da saída parada non se deberá levantar por encima da cabeza antes de que tódolos vehículos están parados, e en ningún caso, durante máis de 10 segundos.

BANDEIRA ROXA.-

Deberase presentar inmóbil e unicamente polo Director da Carreira.

Indicará a tódolos pilotos que deberán deixar de correr inmediatamente e entrar nos seus "boxes" coa máxima prudencia, estando dispostos a pararse no caso necesario. Esta bandeira poderase utilizar para o peche da pista (ver e. 1.3.c).

BANDEIRA NEGRA E BRANCA.-

Dividida por unha diagonal en dúas metades.

Presentada inmóbil cun número branco sobre unha pizarra negra, significará un aviso por conducta antideportiva dirixido (soamente unha vez) ó piloto do vehículo que leve o número indicado.

BANDEIRA NEGRA.-

Presentada inmóbil xunto cun número branco sobre unha pizarra negra, informará ó piloto do vehículo que leve o número indicado que deberase parar no seu "box" no próximo pase.

NOTA.- A decisión de presentar estas tres últimas bandeiras corresponderá ós Comisarios Deportivos. Nembargantes, o Director de Carreira, no caso de urxencia, poderá toma-la decisión de presentar a bandeira roxa.

BANDEIRA NEGRA CUN DISCO LARANXA.-

De 40 cm. de diámetro. Presentada conxuntamente cun número branco sobre unha pizarra negra, informará ó piloto de vehículo que leve o número indicado que o seu coche ten problemas mecánicos susceptibles de constituír un perigo para ó mesmo ou para os demais pilotos, e que deberase pararse no seu "box" no próximo pase. No momento no que se tomase a decisión de parar a un piloto, deberase informar o seu "box" para que se lle poda presenta-la pizarra de "stop".

NOTA.- Poderá autorizar a presentación destas tres últimas bandeiras en lugares distintos da liña de saída, no caso de que se xulgara convenientemente pola visibilidade, a lonxitude do circuíto ou a velocidade dos vehículos.



1.2.- Bandeiras utilizadas nos postos de vixilancia. As bandeiras utilizadas polos Comisarios de Pista poderanse presentar inmóviles ou axitadas. O feito de presentar unha bandeira axitada reforzará ou acentuará o significado básico de dita bandeira.

BANDEIRA AMARELA.-

Sinal de perigo. O motivo desta sinal poderá ser temporal ou definitivo. A bandeira amarela anunciará unha situación de perigo, sexa cal fora o seu carácter. A presentación da bandeira amarela axitada, indicará que tal situación existe no sector inmediatamente seguinte ó posto que a enarbora, co fin de estar en disposición de sinalar ós pilotos, un novo perigo que se presente no mesmo sector e do cal non sexan informados, a bandeira amarela presentarase axitada durante dúas voltas, logo presentarase inmóvil durante outras dúas voltas e despois retirarase, se non se pode quita-lo obstáculo.

No caso necesario deberase previr ós pilotos, indicándollelo coa man, ou coa bandeira que deberá pasar polo lado da pista que no estivera obstruído.

Se a pista estivese obstruída, pero non suficientemente como para xustifica-la detención da carreira, un mesmo posto poderá empregar dúas bandeiras amarelas para sinalalo perigo.

Estas presentarase tamén no caso de que a pista este totalmente obstruída, ata o momento no que o Director de Carreira poda da-la orde de dete-la mesma. (Ver a continuación bandeira negra).

Co fin de permitir ós conductores proceder ó freado no tempo requirido, necesario pola presenza dun obstáculo no sector en que se presente axitada a bandeira amarela, o posto anterior dará unha sinal de preaviso para dúas bandeiras amarelas axitadas darase por dúas bandeiras amarelas mantidas inmóviles.

No caso no que se esparceran restos máis alá do posto, procedentes dun accidente que tivera lugar no sector precedente, o sinalador da bandeira amarela do posto seguinte daquel no que a pista este obstruída presentará tamén unha bandeira amarela.

Se o seu sector quedara totalmente libre, o posto seguinte a aquel no que se produciu a obstrucción, presentará a bandeira verde.

Os conductores deberán manter as súas posicións respectivas inmediatamente despois de haber pasado pola bandeira amarela (fose presentada esta inmóvil ou axitada), e non poderán realizar ningunha manobra de adiantamento ata despois de haber franqueado a bandeira verde, so pena de exclusión.

BANDEIRA AMARELA CON FRANXAS ROXAS VERTICAIS.-

Deterioro da adherencia. Indicará ós conductores que a adherencia da pista deterioreuse repentinamente na zona seguinte á bandeira. O uso máis frecuente desta bandeira será para sinalar que derramouse aceite na pista pero tamén se poderá utilizar para informar ós conductores da presenza na súa traxectoria dun poza de auga suficientemente profundo como para provocar deslizamento ou que, a causa dun trebón local, os conductores se encontren nun punto no que se pasa dun pavimento seco a un pavimento deslizante; neste último caso a presentación da bandeira acompañara-



se cunha man levantada cara a o ceo. Esta bandeira presentarase durante un mínimo de catro voltas ou ata que o pavimento se normalice. Non haberá motivo de presentar bandeira verde no sector seguinte a aquel no que mostrara a bandeira.

BANDEIRA NEGRA.-

Detención da carreira. Estas bandeiras serán presentadas inmediatamente en todos os postos de control a penas o Director da Carreira decidira dete-la carreira ou os adestramentos por medio da bandeira roxa. Tódolos conductores deberán deixar de correr inmediatamente e dirixirse o seu "box" coa maior prudencia, preparados para deterse se fora necesario.

BANDEIRA VERDE.-

Fin de aviso. Utilización.

- Ó fin da zona de perigo, sinalada polas bandeiras amarelas.
- No lugar dun accidente, para sustitui-la bandeira amarela axitada no momento no que quede expedida a pista, presentarase durante dúas voltas.
- No caso necesario poderá indicar tamén a saída duna volta de recoñecemento ou o comezo dunha sesión de adestramentos, por orde do Director da Carreira.

BANDEIRA BRANCA.-

Presencia na pista dun vehículo lento.

Por medio da bandeira branca, informarase ós conductores de que están a punto de adiantar a un vehículo que se despraza pola pista a marcha anormalmente lenta con relación á dos vehículos de competición. A bandeira branca deberase presentar cando un vehículo de servizo entre na pista ou cando un vehículo de competición se desprace por ela a baixa velocidade. A bandeira branca deberase presentar axitada cando o vehículo lento supere o emprazamento do sinalador e ata que chegue ó seguinte posto; despois inmóbil mentres o vehículo atravesese o sector. O responsable da saída dun vehículo de servizo deberase asegurar que o posto anterior ó lugar no que entre o vehículo á pista está advertido da situación. As bandeiras brancas deberán ser substituídas por bandeiras amarelas tan pronto como se pare na pista un vehículo do servizo.

BANDEIRA AZUL.-

Sinal de adiantamento. A bandeira azul indicará ó conductor que vai ser adiantado por un ou varios vehículos máis rápidos. Cando a bandeira azul se presente axitada chamará a atención do conductor sobre a proximidade do vehículo que está a punto de adiantarlle ou sobre a elevada velocidade a que se lle acerca. A bandeira azul poderase presentarse inmóbil, cando o vehículo máis rápido se encontre aínda bastante aleixado pero o sinalador estime que o adiantamento efectuarase no seguinte:

Non haberá motivos de presenta-la bandeira azul.

- Durante as primeiras voltas dunha proba, cando os vehículos están aínda agrupados.
- Cando un conductor este manifestamente ó corrente de que vai ser adiantado (xa



sexa porque se se pare, porque faga un xesto coa man ou por calquera outro medio).

- Cando está presentada a bandeira amarela (prohibición de adiantar). Polo contrario, será imperioso presentar bandeira azul:

- No caso de obstrucción voluntaria.

- Cando os vehículos máis lentos están a punto de ser dobrados polos de cabeza.

- Cando un vehículo rápido, despois dunha saída fallada ou unha parada no seu "box", alcanza ós participantes máis lentos. No tempo seco haberá que utiliza-la bandeira azul con moderación. Polo contrario, cando a pista este mollada e os conductores, sobre todo de monoprazas, teñan dificultades para ver a través das cortinas de auga ós vehículos que seguen, a bandeira azul será a bandeira preventiva por excelencia.

